

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 27 DE FEBREIRO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseite de Febreiro de mil novecentos noventa e tres; á unha e vinte da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren unha sesión extraordinaria e urxente da Comisión Municipal de Goberno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó exame e estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- RATIFICACION, SE PROCEDE, DA URXENCIA DESTA SESION.-

Os membros da Comisión de Goberno, por unanimidade, ratifican a urxencia desta sesión que vén motivada por cuestións de prazo na petición de axudas á Xunta de Galicia.

2.- ACTA ANTERIOR.-

Os membros da Comisión de Goberno por unanimidade, prestan a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, celebrada o día 15 de Febreiro corrente.

3.- ESTUDIO DE DIVERSAS ORDES DAS CONSELLERIAS DE CULTURA E XUVENTUDE E TRABALLO E SERVICIOS SOCIAIS DA XUNTA DE GALICIA PARA A PETICION DE SUBVENCIONS.-

En relación coa Orde do 11 de Xaneiro de 1993, da Consellería de Cultura e Xuventude, pola que se anuncian axudas ós Concellos para construcións e equipamentos en materia de xuventude, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse á Orde de referencia, para as seguintes actuacións, segundo os proxectos que se mencionan de seguido: Adquisición de Equipamento en materia de Xuventude, por importe de 585.875 pesetas.- Investimento para o Equipamento de Local en San Cristovo para Actividades Xuvenís, por importe de 318.000 pesetas.

En relación coa Orde do 12 de Xaneiro de 1993, da Consellería de Cultura e Xuventude, pola que se anuncian axudas ós Concellos para o fomento e a realización de actividades xuvenís, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse ós beneficios da devandita Orde, pregando axuda, segundo as documentacións técnicas que se achan no expediente, para as seguintes actuacións: Creación dunha Oficina de Información Xuvenil, por importe de 2.351.500 pesetas; e Proxecto de Actividades de Aire Libre e Acampada por importe de 3.040.000 pesetas.

En relación coa Orde do 19 de Xaneiro de 1993, da Consellería de Cultura e Xuventude, pola que se regula a concesión de axudas a Corporacións Locais para a promoción de intervencións no patrimonio civil de interese cultural, a Comisión de Goberno, por unanimidade, e tendo en conta a delegación de competencias outorgada no seu día polo Pleno do Concello, acorda acollerse á devandita Orde, e prega a axuda para a seguinte actuación: Proxecto de Rehabilitación da Muralla de Vila e do Castelo Medieval, coa creación dun equipo interdisciplinar composto de Arquitecto, Arqueólogo e Historiador, e cun presuposto de 2.000.000 pesetas; achegando ó expediente unha memoria sobre a importancia do Monumento a rehabilitar, outra memoria do Sr. Aparellador Municipal explicativa do proxecto e fotografías do estado actual.

En relación coa Orde do 15 de Xaneiro de 1993, da Consellería de Traballo e Servizos Sociais, pola que se regulan axudas para mantemento, realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, a Comisión de Goberno, por unanimidade, en virtude da delegación de competencias outorgada no seu día polo Pleno, acorda acollerse ós beneficios da devandita Orde, e prega axuda para as seguintes actuacións: Oficina Municipal de Información á Xuventude, cun presuposto de 3.537.292 pesetas; Programa de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas cun importe de 1.200.000 pesetas; e Creación dunha Aula Social no correspondente Centro sito no lugar de San Cristovo, por un importe de 3.890.000 pesetas; que se acheguen a estas peticións as correspondentes memorias e maila documentación regulamentaria.

E sendo as dúas da tarde, o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-